



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 NOV. 2024 15:20:26

Entrada **48173**

Pregunta sobre as obras de conservación do mural na praia de Santa Cristina en Oleiros

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á reparación do mosaico de teselas da praia de Santa Cristina en Oleiros.**

Na Praia de Santa Cristina no Concello de Oleiros existe un mosaico de teselas de vitrocerámica, chamado "27 arroaces e unha estrela", obra que foi encargada pola demarcación de Costas da Galiza, estando dirixida daquela por Eduardo Toba, ao artista Xabier Correa Corredoira e realizada en decembro de 1992.

Na actualidade, máis de 20 anos despois, cómpren accións directas para o axeitado mantemento e conservación do mural, vítima do tempo, así como eliminar as pintadas sobre as teselas. É preciso iniciar labores de conservación ademais de reparar a fenda que atravesa unha parte do mesmo, que podería ter sido causada pola presenza dun emisor de fecais.

Neste sentido, o BNG de Oleiros xa levou adiante un acto para reclamar a súa rehabilitación que contou coa presenza do autor, ademais de levar a iniciativa como moción ao pleno do concello reclamando a colaboración das administracións implicada para a restauración. Porén, aínda que o Concello apoia a necesidade da intervención, desde a Alcaldía entende que debe ser a Demarcación de Costas a que acometa as obras, posto que foi a que fixo o encargo do mural, debe tamén facerse cargo da súa rehabilitación.

Trátase, en definitiva, dunha obra artística sita no Concello de Oleiros que precisa ser posta en valor e do seu recoñecemento como patrimonio colectivo, para o que é preciso intervir e rehabilitala asegurando a súa adecuada conservación.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 NOV. 2024 15:20:26

Entrada **48173**



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento do actual estado do mosaico de teselas de vitrocerámica, chamado "27 arroaces e unha estrela", sito na praia de Santa Cristina no Concello de Oleiros e que foi encargado pola demarcación de Costas da Galiza en 1992?
2. É consciente de que cómpre iniciar accións para o mantemento e conservación do mural, vítima do tempo, así como eliminar as pintadas sobre as teselas.
3. Ten previsto iniciar os trámites para acometer os traballos de conservación e de reparación da fenda que atravesa unha parte do mural?
4. Entende a Demarcación de Costas que esta actuación de restauración e mantemento é competencia súa atendendo a que foi a administración que a encargou?
5. Recibiu algunha notificación ou reclamación por parte do Concello en relación ao estado actual do mural e da necesidade de reparación? De ser así, cando e con que contido?
6. Manexa algún calendario para o inicio das actuacións de rehabilitación?

Madrid, a 11 de novembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la reparación del mosaico de teselas de la playa de Santa Cristina en Oleiros.**

En la playa de Santa Cristina en el Concello de Oleiros existe un mosaico de teselas de vitrocerámica, llamado "27 arroaces e unha estrela", obra que fue encargada por la Demarcación de Costas de Galiza, dirigida entonces por Eduardo Toba, al artista Xabier Correa Corredoira y realizada en diciembre de 1992.

En la actualidad, más de 20 años después, hacen falta acciones directas para el idóneo mantenimiento y conservación del mural, víctima del tiempo, así como eliminar las pintadas sobre las teselas. Es preciso iniciar labores de conservación además de reparar la brecha que atraviesa una parte del mismo, que podría haber sido causada por la presencia de un emisor de fecales.

En este sentido, el BNG de Oleiros ya llevó adelante un acto para reclamar su rehabilitación que contó con la presencia del autor, además de llevar la iniciativa como moción al pleno del ayuntamiento reclamando la colaboración de las administraciones implicadas para la restauración. Sin embargo, aunque el Concello apoya la necesidad de la intervención, desde la Alcaldía entiende que debe ser la Demarcación de Costas la que acometa las obras, puesto que fue la que hizo el encargo del mural, debe también hacerse cargo de su rehabilitación.

Se trata, en definitiva, de una obra artística sita en el Concello de Oleiros que necesita ser puesta en valor y de su reconocimiento como patrimonio colectivo,



para lo cual es preciso intervenir y rehabilitarla asegurando su adecuada conservación.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento del actual estado del mosaico de teselas de vitrocerámica, llamado "27 arroaces y una estrella", sito en la playa de Santa Cristina en el Concello de Oleiros y que fue encargado por la demarcación de Costas de Galiza en 1992?
2. ¿Es consciente de que hace falta iniciar acciones para el mantenimiento y conservación del mural, víctima del tiempo, así como eliminar las pintadas sobre las teselas?
3. ¿Ha previsto iniciar los trámites para acometer los trabajos de conservación y de reparación de la brecha que atraviesa una parte del mural?
4. ¿Entiende la Demarcación de Costas que esta actuación de restauración y mantenimiento es competencia suya atendiendo a que fue la administración que la encargó?
5. ¿Ha recibido alguna notificación o reclamación por parte del Concello en relación al estado actual del mural y de la necesidad de reparación? De ser así, ¿cuándo y con qué contenido?
6. ¿Maneja algún calendario para el inicio de las actuaciones de rehabilitación?

Madrid, a 11 de noviembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

